



**Pantón**

## CONCELLO DE PANTON

Praza do Concello, s/n - O Castro de Ferreira  
27430 PANTON - LUGO  
Teléfono: 982456005 Fax: 982456562  
N.I.F: P2704100C

Adxunto remito alegacións a proposta do proxecto do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil que se consideraron oportunas dende o Excmo Concello de Pantón.

En Pantón, a 30 de maio de 2011



O Alcalde

Asdo: José Luis Álvarez Blanco

**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL**  
**COMISARIA DE AUGAS**  
**RONDA DA MURALLA, 131-2º**  
**27002 LUGO**





## CONCELLO DE PANTÓN

Praza do Concello, s/n - O Castro de Ferreira  
27430 PANTÓN - LUGO  
Teléfono: 982456005 Fax: 982456562  
N.I.F: P2704100C

Adxunto remito alegacións a proposta do proxecto do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil que se consideraron oportunas dende o Excmo Concello de Pantón.

En Pantón, a 30 de maio de 2011



O Alcalde  
Asdo: José Luis Álvarez Blanco

**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL**  
**COMISARIA DE AUGAS**  
**RONDA DA MURALLA, 131-2º**  
**27002 LUGO**



## **ALEGACIONES A PROPOSTA DE PROXECTOS DE PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCACION HIDROGRAFICA DO MIÑO-SIL**

As presentes alegacions realízanse de acordó coa resolución da presidencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil , de 15 de decembro de 2010, pola que se anuncia a apertura do periodo de consulta pública dos documentos <<Proposta do Proxecto do Plan Hidrolóxico e Informe de sostibilidade ambiental>> do proceso da planificación hidrolóxica correspondente a parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

O proxecto do Plan Hidrolóxico 2010-2015 componse de:

- Memoria
- Normativa
- Informe de Sostibilidade Medioambiental.

As observacions que se plantexan van referidas fundamentalmente o uso recreativo e deportivo da auga como a navegación, a flotación e as actividades de ocio no medio acuático. Desde este Concello entendemos que o uso recreativo e deportivo do dominio público hidráulico debe considerarse un aspecto importante dentro da planificación hidrolóxica polas importantes repercusións que el mesmo ten na economía das poboacións e pola súa gran rentabilidade na xeneración da riqueza sostible, especialmente nas zonas desfavorecidas e expostas o fenómeno do despoboamento por falta de oportunidades dos seus habitantes.

A utilización recreativa das augas e as prácticas deportivas ligadas o medio acuático como a vela, remo, competicións deportivas, rafting, augas bravas etc.....da demarcación e un atractivo turístico dos nosos ríos cada vez maior, e unha das mellores formas de acercar a sociedade a eles, constituindo un factor de desenvolvemento sostible de notable potencial para moitas comarcas. É por elo que dende as administracións públicas temos que impulsar o uso destas prácticas pola súa contribución o desenvolvemento rural, sen perxizo da adopción das totais medidas de protección ambiental, control de acceso e sen limitación de números de deportistas que poidan ser necesarias.

Con carácter xeral, o tratamento que se dá o uso recreativo e deportivo da auga no borrador do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil é insuficiente. Detéctase unha falta de información sobre a magnitude dos usos recreativos na conca e as posibilidades do seu disfrute: tramos nos que teñen lugar as diferentes actividades recreativas, repercusión social e económica, infraestruturas dedicadas, valoracións socioeconómicas do recurso etc.

Igualmente vótase en falta unha regulación normativa máis detallada das actividades relativas a navegación e a flotación no ámbito da

diferenciando claramente a navegación a remo e a vela da navegación a motor tanto en ríos coma en embalses, así como os horarios das datas para o seu exercicio.

Efectivamente, no seu artigo 48 do borrador do Real Decreto de aprobación do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, reativo a navegación, non se di nada sobre zonas permitidas ou prohibidas para a navegación e flotación. Proponse, polo tanto, a incorporación dun anexo a normativa cun listado detallado de zonas aptas para a navegación.

Igualmente, non estaría demais a elaboración dunha normativa específica específica sobre a ordenación e regulación dos usos deportivos e recreativos no medio acuático regulando, entre outros, os seguintes aspectos:

- Utilización dos embalses para usos recreativos.
- Normas de navegación relativas o piragüismo en tramos fluviais.
- Criterios para a concesión de autorizacións para o desenrolo de actividades recreativas.
- Desenrolo de usos lúdicos en ámbitos incluídos no rexistro de Zonas Protexidas (entre elas, as zonas de baño).

En segundo lugar, e con carácter particular, dende este Concello solicitamos a incorporación o futuro Plan Hidrolóxico das seguintes pretensións para levar a cabo nas augas do clube náutico de Maiorga:

- Que durante o período de pesca se poda navegar a motor, polo menos con motor eléctrico.
- Levar a cabo competicións acuáticas.
- Celebrar actividades de ocio.
- Posibilidade de circular en catamarán.
- Zonas de baño.
- Utilización da auga para un espazo de tobogans e outros elementos de ocio.



Pantón, a 30 de maio de 2011

O Alcalde